

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 15 DE XUÑO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día quince de xuño de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa dona Elisa Pestonit Barreiros e don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 8 de xuño de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Resolución do 1 de xuño de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 9 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia e se convoca para o ano 2021 (código de procedemento CT236A). (Diario Oficial de Galicia número 108, do 9 de xuño de 2021).

Consta o Concello de Cambre como beneficiario dun importe de 2.623,29 euros para as bibliotecas municipais de Cambre, Templarios (O Temple) e Xabier P. Docampo (A Barcala).

- Resolución do 1 de xuño de 2021, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se convoca, para a anualidade de 2021, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuaicóns de

rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (código de procedemento VI438A). (Diario Oficial de Galicia número 111, do 14 de xuño de 2021).

### 3º. Expedientes de contratación

#### 3.1. Creación dunha bolsa de empresas/profesionais para a subscripción dos contratos menores do Concello de Cambre.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 4 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Segundo o artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministracións ou de servizos.

O contrato menor, ao que o Informe 3/2018 da Xunta Consultiva de Aragón outorga a natureza xurídica dun auténtico procedemento de adjudicación, vén regulado na Lei de Contratos do Sector Público, e caracterízase porque:

- a) Poderá adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118, segundo establece o artigo 131.3 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.
- b) Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá (art. 118 LCSP) :
  - a. A emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior
  - b. Así mesmo, requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.
  - c. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

(isto non será de aplicación naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros.)

Tal e como o define a doutrina, este tipo de contratos configúrase coa finalidade de satisfacer de forma rápida aquelas necesidades da Administración Pública de escasa contía e duración temporal, sendo un sistema áxil e sinxelo, apto para necesidades de carácter puntual, cuia utilización se atopa xustificada pola necesidade de simplificación en determinados supostos nos que debe prevalecer a axilidade para atender necesidades de importe e duración reducidas, tendo en conta que, seguindo a propia explicación do Preámbulo da LCSP na súa Parte V, este tipo de contratación directa debe reducirse a situacións extraordinarias.

Esta excepcionalidade non limita, por outra banda, a importancia deste tipo de contratos, que poden xogar un papel determinante na xestión ordinaria das Administracións públicas, cando razóns debidamente xustificadas obrigan a unha solución rápida e eficaz dunha necesidade puntual.

Tampouco podemos esquecer que a existencia do contrato menor radica no propósito de dotar de maior axilidade á contratación, e cubrir de forma inmediata as necesidades de escasa contía que en cada caso resulten necesarias. Por iso, o contrato menor veu gozando da falta de sometemento a moitos dos principios xerais da contratación, como son a publicidade, a libre concorrència entre os licitadores e a transparencia do procedemento.

Por outra banda, cómpre lembrar que a política de fomento da contratación pública con pequenas e medianas empresas impregna as novas Directivas de contratación pública, xa desde os seus primeiros Considerandos, medida destacada na Estratexia Europa 2020, na que a contratación pública desempeña un papel esencial, e que se traslada ao ordenamento xurídico español mediante a aprobación da actual Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, en cuxo art. 1.3 expresamente se indica que *"En toda contratación pública ... facilitarase o acceso á contratación pública das pequenas e medianas empresas, ..."*

De feito, contempla o art. 1 da Lei 9/2017 os principios inspiradores da contratación pública, establecendo que :

*"1. A presente Lei ten por obxecto regular a contratación do sector público, a fin de garantir que a mesma se axusta aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores; e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, e o principio de integridade, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, a adquisición de bens e a contratación de servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa (...)"*

No BOE nº 57 do 7 de marzo de 2019 publícase a Resolución do 6 de marzo de 2019, da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, pola que se publica a Instrución 1/2019, do 28 de febreiro, sobre contratos menores, regulados na Lei 9/2017, do 8 de novembro.

Nesta Instrución indícase que a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 aposta pola limitación e o control da contratación directa, sometendo os contratos menores a novas e maiores restricións con relación á normativa precedente, e establece que , na tramitación dos contratos menores:

*"De acordo con o principio de competencia, e como medida anti fraude e de loita contra a corrupción, o órgano de contratación solicitará, polo menos, tres presupostos, debendo quedar iso suficientemente acreditado no expediente.*

*Si as empresas ás que se lles solicitou orzamento declinasen a oferta ou non respondesen ao requirimento do órgano de contratación, non será necesario solicitar máis presupostos.*

*As ofertas recibidas así como a xustificación da seleccionada formarán, en todo caso, parte do expediente.*

*De non ser posible o anterior, deberá incorporarse no expediente xustificación motivada de tal extremo."*

O Concello de Cambre, sabedor da importancia que no ámbito da contratación local ostenta a contratación menor, e co fin de dar cumprimento aos principios que inspiran a contratación pública, pretende fomentar a participación directa de tódolos interesados nos procesos de contratacións menores de obras, subministracións e servizos, dando a posibilidade ás empresas e profesionais interesadas en prover estes produtos ou servizos en manifestar ese interese, para que as distintas áreas municipais os teñan en conta á hora de obter un maior número de ofertas, aunando deste xeito a rapidez perseguida con este procedemento de adxudicación cos principios da lei contractual.

Por máis abastanza, resulta manifesta a vontade do Concello de Cambre de utilizar a contratación pública co propósito de apoiar a contratación local e das pequenas e medianas empresas e profesionais en coherencia cos principios inspiradores da contratación pública. E para elo, propónse como experiencia piloto, a creación dunha Bolsa de empresarios e profesionais que mostren o seu interese en participar naqueles procedementos de contratación que, pola súa contía e características, permitan a utilización do contrato menor.

A finalidade última desta proposta é ofrecer un mecanismo directo para que os distintos interesados/as poidan participar nos contratos menores levados a cabo polo consistorio, e así mellorar a transparencia na xestión dos fondos públicos, e conseguir unha maior rotación nas compras do Concello cos diferentes provedores, facilitando a estes unha ferramenta para dar a coñecer os seus produtos e servizos, e garantindo a cercanía cos empresarios/as do noso municipio, sen que elo supoña discriminación respecto aos demais profesionais que poden solicitar tamén a súa participación nos procedementos de adxudicación.

Con esta proposta trátase por tanto, de garantir o funcionamento do mercado da contratación pública para que non se produzan restricións inxustificadas ao acceso á mesma por parte das empresas e profesionais, e velando, especialmente, polo respecto aos principios de publicidade e concorrência, no marco dos principios establecidos no artigo 1 da LCSP, entre eles a liberdade de acceso ás licitacións e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores.

Para subscribirse a esta iniciativa, bastará con que os interesados/as cubran o formulario que se achega a esta proposta, facilitando os datos relativos á súa empresa ou actividade profesional, información que o Concello utilizará para coñecer o seu interese nas diferentes tipoloxías de contratos, e coñecer os seus datos de contacto para solicitar posibles ofertas.

O Concello de Cambre axustarase, no referente ao tratamento dos datos facilitados polos interesados/as, á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.

Así pois, tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións dá Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Aprobar o modelo de solicitude que se achega como Anexo á presente proposta, co fin de que todos/as os/as interesados/as, ben sexan profesionais ou empresas, poidan solicitar a súa participación nos procedementos de contratacións menores que se tramiten polo Concello de Cambre.

**Segundo:** Outorgar a tódolos interesados na subscripción do contratos menores, un prazo dun mes desde a publicación do "Modelo de Solicitude" no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, coa apertura do correspondente prazo de inscrición, a fin de que poidan presentar as súas solicitudes debidamente cubertas a través de sede electrónica do Concello de Cambre ([sede.cambre.es](http://sede.cambre.es), procedemento de "solicitude xeral"), asinadas dixitalmente e dirixidas á Oficina de Contratación do Concello de Cambre.

**Terceiro:** As solicitudes presentadas remitiranse pola oficina do Rexistro municipal ao persoal da oficina de Contratación, que unha vez rematado o prazo de inscrición, facilitará aos distintos Departamentos do Concello os datos dos licitadores interesados en función dos distintos tipos de contratos aos que desexen acceder (obras, subministracións, servizos), co fin de que os Departamentos poidan elaborar as súas propias listaxes de licitadores en función do obxecto social dos solicitantes.

**Cuarto:** O Concello de Cambre obrígase expresamente ao cumprimento da normativa nacional e europea en materia de protección de datos .

**Quinto:** A vixencia das solicitudes será **dun ano** desde a data do remate do prazo de inscrición, transcorrido o cal, o Concello, á vista do resultado da experiencia realizada, acordará o procedente.

**Sexto:** Os distintos departamentos municipais velarán polo cumprimento dos principios de igualdade e concorrencia na selección das empresas a invitar nos procedementos de contratacións menores que tramiten, de xeito que, en cada expediente que se tramite, **cada Departamento formulará invitación, de ser posible, a tódalas empresas/profesionais de cada sector que tivesen solicitado a súa inclusión na Bolsa de Empresas/profesionais, e cuxo obxecto social ou actividade profesional garde relación co obxecto do contrato** en función da tipoloxía dos contratos a adxudicar (obras, subministracións, servizos), co fin de que todas elas poidan presentar as súas ofertas e participar no procedemento de adxudicación.

No caso de empresas vinculadas ou que formen parte dun mesmo grupo empresarial, formularase unha única invitación por grupo por cada expediente.

Naqueles supostos nos que , ben polo elevado número de solicitudes recibidas ou por outras circunstancias obxectivas debidamente acreditadas no expediente, non sexa posible a solicitude de ofertas á totalidade das empresas ou profesionais inscritos, deberá xustificarse no expediente a circunstancia que o motiva e, nestes casos, o Departamento propoñente formulará invitación, por orde correlativa, cando menos a tres empresas ou profesionais de cada sector en función da tipoloxía e obxecto dos contratos a adxudicar (obras, subministracións, servizos), en función da orde cronolóxica de entrada das solicitudes na sede electrónica do Concello.

Sempre que sexa posible por existir solicitantes que cumpran tal requisito, deberá convidarse a participar na contratación a un/ha licitador/empresa que teña o seu domicilio social no Concello de Cambre.

No caso de que non houbese na Bolsa interesados que respondan ás necesidades do Departamento propoñente do contrato, ou de habelos o seu número fose igual ou inferior a tres, o Concello de Cambre poderá solicitar que se envíen invitacións a participar a outros licitadores non inscritos, cuxo obxecto social ou actividade profesional garde relación coa necesidade a satisfacer.

**Sétimo:** En ningún caso se cursará invitación a aqueles licitadores que durante a vixencia da Bolsa de Empresas e Profesionais incorran nalgunha das causas de prohibición para contratar establecidas nos artigos 71 e concordantes da Lei 9/2017 de contratos do Sector público, retirasen indebidamente a súa proposición dalgún procedemento de adxudicación , ou motivasen a apertura polo Concello de Cambre dalgún procedemento para a imposición de penalidades ou resolución de contrato.

Non obstante, o envío de invitación non obriga ao licitador convidado a presentar oferta, que poderá declinar a solicitude por motivos xustificadas, sen que elo supoña causa de penalización.

**Oitavo:** Publicar simultaneamente o presente acordo, así como o “Modelo de Solicitud”, na páxina web municipal, procedendo á apertura dun prazo dun mes desde a data da publicación , para a presentación de solicitudes polos /as interesados/as.

**ANEXO: MODELO DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN BOLSA DE EMPRESAS E PROFESIONAIS PARA PARTICIPAR EN PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN MENOR DO ART. 118 DA LCSP, NO CONCELLO DE CAMBRE.**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_

con DNI / NIF (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) nº \_\_\_\_\_

con domicilio en rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_

no municipio de \_\_\_\_\_ , provincia \_\_\_\_\_ , país \_\_\_\_\_

teléfono \_\_\_\_\_

actuando (*indíquese o que proceda*):

en nome propio

en representación de \_\_\_\_\_ , con DNI ou NIF nº \_\_\_\_\_

e con domicilio en rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_ , no municipio de \_\_\_\_\_ provincia \_\_\_\_\_ , país \_\_\_\_\_ , teléfono \_\_\_\_\_

En aplicación do establecido no artigo 118 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, e enteirado da constitución dunha Bolsa de Empresarios e Profesionais para participar nos procedementos de contratacións menores de obras/servizos/subministracións, manifesta o seu interese en **FORMAR PARTE DA BOLSA que para ese efecto SE CONSTITÚE NO CONCELLO DE CAMBRE**, e a cuxos efectos fai constar que:

**DECLARO RESPONSABLEMENTE ANTE O ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:**

**1** - Que a entidade á que represento está validamente constituída e que conforme ao seu obxecto social pode presentarse ás licitacións do Concello de Cambre, (en caso de profesionais : “*que conforme a miña actividade profesional podo presentarme á licitación*” ), así como que eu, asinante desta declaración, ostento a debida representación para a presentación da proposición que se me solicite, e que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade.

Tendo en conta a actividade principal do solicitante, manifesto o meu interese en participar, en concreto, en contratacións menores cuxo obxecto corresponda á seguinte tipoloxía (marcar o que corresponda):

- Obras
- Subministracións
- Servizos

Para os efectos anteriores, declaro que (*cubrir o que corresponda*):

- O obxecto social da empresa á que represento consiste en .....
- A actividade profesional que desenvolvo consiste en .....

**2** - Que cumprimos (en caso de profesional : "*que cumpro*") as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración , en concreto declaro contar con capacidade de obrar e coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación que se contrate.

**3** - (*No seu caso, cubrir este apartado*) Que ao abeiro do establecido no artigo 77 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, declaro que a entidade á que represento conta (en caso de profesional : "*que conto*") coa seguinte clasificación empresarial como contratista de obras ou servizos, nos Grupos, subgrupos e categorías que a seguir se indican:

-  
-  
-  
-  
-  
-

**4** - Que nin dita entidade nin os seus administradores ou órganos de dirección (en caso de profesional : "*Que non me atopo incurso*") están incurso en prohibición para contratar coa Administración a que se refire o art. 71 da LCSP, e que está ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social (ou Mutualidade correspondente), impostos pola lexislación vixente, e non ten débedas en período executivo co Concello de Cambre, estando en posesión dos documentos acreditativos correspondentes.

**5** - Que me comprometo a achegar, si resulto adxudicatario, toda a documentación que me sexa solicitada polo Concello de Cambre para acreditar os extremos anteriores.

**6** - Que cumpro coas disposicións vixentes en materia laboral e social.

**7** - (*No seu caso, cubrir este apartado*) Que a entidade (en caso de profesional : "*que me atopo*") atópase inscrita no Rexistro de licitadores que a continuación se indica (*márquese o que corresponda*), e que as circunstancias que figuran nel respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

a) Rexistro Oficial de Licitadores e empresas clasificadas do Sector Público, número de inscrición

b) Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, número de inscrición

**8** - (*Cubrir en caso de empresas*) DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade mercantil á que representa (consignar o que proceda):

- Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que conorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Pertence ao grupo de empresas..... ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:

a) Denominación:..... NIF:.....

b) Denominación:..... NIF:....., etc.

**9** - De conformidade co establecido na Disposición Adicional Décimo quinta da LCSP, **COMUNICO** ao Concello de Cambre que as notificacións que se efectúen para a tramitación e adxudicación do procedemento ao cal opto, por medios electrónicos a través do sistema de notificacións "Notifica.gal", se efectúen á seguinte dirección electrónica habilitada (DEH), e mediante acceso a través do certificado electrónico asociado ao seguinte NIF que igualmente se indica:

- Correo electrónico que funcionará como DEH: \_\_\_\_\_

- Acceso mediante NIF : \_\_\_\_\_

**10** - Autorizo expresamente ao Concello de Cambre para que poida CONSULTAR ou SOLICITAR electronicamente os datos elaborados por outras Administracións que sexan necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas: AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, TGSS ou outros organismos públicos.

(Se o interesado desexa opoñerse, deberá facelo expresamente marcando a casíña do seguinte recadro, tendo en conta que deberá achegar os documentos ou certificados xustificativos no momento no que se lle requira (art. 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas).

NON presta o seu consentimento para que o Concello de Cambre realice consulta dos datos do solicitante/representante á AEAT, Axencia Tributaria de Galicia, TGSS ou outros organismos públicos mediante servizos interoperables.)

**11** - Que manterá absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato ou información á que poida ter acceso con ocasión do cumprimento das obrigacións derivadas do contrato que se adxudica, cumprindo, en todo caso, o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

En            a            de            de 202...

O INTERESADO (Asinado)»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 4 ao 10 de xuño do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 874/2021 e remata coa resolución da alcaldía número 928/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
874/2021	04-06-2021	Reposición legalidade urbanística polo realización de obras na vivenda situada en Sobrecarreira, Sigrás, consistente na modificación da altura da cuberta respecto á licenza concedida en expte 2019/U022/000021. Propiedade: APD
875/2021	04-06-2021	Recurso de reposición contra resolución 470/2021 do 9 de abril 2021, bases praza policía local
876/2021	04-06-2021	Rectificación de erros resolución núm. 872/2021, de data 03/06/2021 de aprobación de despesas, recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 1.458,84
877/2021	04-06-2021	Presentación de recurso contra resolución 470/2021, de 9 de abril de 2021, bases praza policía local
878/2021	04-06-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de xuño de 2021
879/2021	07-06-2021	Autorizar a apertura urna perimetral sinalada ao nº 70, letra A, no cemiterio municipal de Cambre, o día 27 de marzo de 2021
880/2021	07-06-2021	Autorizar a apertura urna perimetral sinalada ao nº 230, letra C, no cemiterio municipal de Cambre, o día 17 de maio de 2021
881/2021	07-06-2021	Autorizar a apertura urna perimetral sinalada ao número 7, letra C, no cemiterio municipal de Cambre, o día 23 de maio de 2021
882/2021	07-06-2021	Autorizar a apertura urna perimetral sinalada ao número 150, letra A, no cemiterio municipal de Cambre, o día 24 de maio de 2021
883/2021	07-06-2021	Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 7.538,74 euros
884/2021	07-06-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 87.773,83 euros
885/2021	07-06-2021	Aprobación de certificación correspondente á obra "Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo do Temple", recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe de 23.462,29 euros, así como o seu pagamento
886/2021	07-06-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JMCR
887/2021	07-06-2021	Solicitude autorización acceso á sede electrónica do Catastro para o administrativo interino de tesourería
888/2021	07-06-2021	Levantamento reparos suspensivos formulados por intervención municipal relativos ao contrato mixto (subministración e obra) para a montaxe dun parque infantil no CEIP Gonzalo Torrente Ballester
889/2021	07-06-2021	Conceder a licenza municipal para executar unha canalización de 17 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión destinada a proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Armental, parroquia de Pravio. Solicitante: UFD, DE, S.A.
890/2021	07-06-2021	Reposición legalidade urbanística pola construción dun cerramento lindeiro entre as parcelas así como a colocación de dous portais de



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		acceso ao interior da parcela, un cerramento vexetal na cara interior dun parcial do peche perimetral que linda co camiño público municipal 1C.1.0366, na parcela sita en Pardas (San Lourenzo) sen axustarse ás obras comunicadas en expte 2015/U017/000135. Propiedade: FCY e MLFL
891/2021	07-06-2021	Expediente sancionador polo uso de camiños públicos municipais de Cambre para levar a cabo unha talle nunha parcela de Culleredo por FML
892/2021	07-06-2021	Expediente sancionador por realización de tala en Rueiro, Cela sen comunicación previa nin aval presentado por parte de JEO
893/2021	07-06-2021	Incoación de declaración de ruína da edificación situada na rúa Temple, O Temple
894/2021	07-06-2021	Concesión administrativa do dereito de uso privativo e apertura urna perimetral sinalada ao número 171, letra C, no cemiterio municipal de Cambre a ICCC
895/2021	08-06-2021	Interposición recurso de reposición contra as bases da convocatoria para a provisión do posto de inspector-xefe da policía local do Concello Cambre polo procedemento de libre designación
896/2021	08-06-2021	Interposición recurso reposición contra resolución 470/2021 do 9 abril 2021, contra as bases da convocatoria para a provisión do posto de inspector-xefe da policía local do Concello Cambre polo procedemento de libre designación
897/2021	08-06-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses. Solicitante: JMSS
898/2021	08-06-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses. Solicitante: CMC
899/2021	08-06-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JMTM
900/2021	08-06-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: ECM
901/2021	08-06-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social do día 11 de xuño de 2021
902/2021	08-06-2021	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico do día 11 de xuño de 2021
903/2021	08-06-2021	Delegación no concelleiro don Ramón Boga Moscoso para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de MVC e PCM
904/2021	08-06-2021	Delegación no concelleiro don Ramón Boga Moscoso para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de YMV e MMVV
905/2021	09-06-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: BCCD
906/2021	09-06-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: MPVL
907/2021	09-06-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: ACM
908/2021	09-06-2021	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: JJVG
909/2021	09-06-2021	Concesión de axuda de emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JCHM



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

910/2021	09-06-2021	Concesión de axuda de emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SRDS
911/2021	09-06-2021	CM a Urdime S. Coop. Galega. Rede Cultural
912/2021	09-06-2021	CM a DINAMO. XESTIÓN DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS, S.L. Actuación "Pedro Brandariz, o musical?" (REDE CULTURAL)
913/2021	09-06-2021	CM a Redrum Producciones, S.L. Espectáculo "Pilgrims", de Redrum Teatro. Rede Cultural
914/2021	09-06-2021	Devolución da fianza con núm. de rexistro 954 depositada na Tesourería municipal por JMPD, por importe de 1.800,00 €, como garantía da obriga de reparación das deterioracións que se puidesen producir nos camiños públicos con motivo da execución dunha na finca sita no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre, comunicada no expediente núm. 2020/U026/000233
915/2021	10-06-2021	Expediente de reposición da legalidade urbanística por realización de obras en finca sita na Rocha, Anceis consistentes en construír un peche sen axustarse á comunicación previa presentada. Propiedade: JFRL
916/2021	10-06-2021	Conceder a axuda emerxencia social alimentos por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SLG
917/2021	10-06-2021	Conceder a axuda para 6 recibos de luz por importe total de 207,6 euros e de 4 recibos de gas por importe total de 86,70 euros. Solicitante: SBB
918/2021	10-06-2021	Conceder a axuda aluguer por importe de 250 euros. Solicitante: CMPN
919/2021	10-06-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
920/2021	10-06-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
921/2021	10-06-2021	CM a Pista Castro. Produtora de Soños, S.L. para actuacións Jano sen medias e Cía Traspediante. Rede Cultural
922/2021	10-06-2021	CM a Francisco Manuel Cerdeira Castiñeiras (Pakolas). Rede Cultural
923/2021	10-06-2021	CM a Manarte Producións, S.L. Espectáculo "Manar. A derradeira caravana", de Teatro Proscrito. Rede Cultural
924/2021	10-06-2021	CM a Susana Seivane / Actuación Centenario Seivane
925/2021	10-06-2021	Reposición legalidade urbanística pola realización de traballos na franxa existente entre a fachada principal da vivenda unifamiliar e a marxe do camiño publico municipal 1c 10307, consistentes nun gabia,; unha instalación parcial (arquetas, pezas de pvc, etc) do saneamento horizontal., cunha deficiente sinalización das obras que se executan e a existencia de danos no camiño público. Sobrecarreira, Sigrás. Propietario: APD
926/2021	10-06-2021	Transferencia de crédito 4/2021. Bolsas de estudo
927/2021	10-06-2021	Reparación de madeiras no anfiteatro de Cambre
928/2021	10-06-2021	Concesión anticipo reintegrable de 3.000 euros a JAAG, funcionario de carreira

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adxudicación do contrato menor para o “Servizo de docencia en TICs para o Plan Municipal de Formación: "Cambre Dixital-Emprego" á empresa CAMBRE OCIO S.L. , no prezo ofertado de 7.874,06 € (exento de IVE). Expediente núm. 2021/C002/000058
- Proposta de adxudicación da obra “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, a prol do licitador “OGMIOS PROYECTO, S.L.”, no prezo ofertado de 552.800,00 euros sen IVE (632.588,00 euros IVE incluído). Expte: 2020/C003/000008
- Proposta de adxudicación do “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”, a prol do licitador “3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega”, no prezo anual ofertado en base ao control cuantitativo, cualitativo e informes de 13.009,04 euros sen IVE, 15.740,94 euros IVE incluído e unha porcentaxe de baixa global ofertada sobre os prezos unitarios do Anexo I do PPT do 24,10 %. Expte: 2020/C004/000021
- Proposta de adxudicación do contrato menor para a "Subministración de mobiliario para o despacho de Alcaldía" á entidade "INSDMACOR, S.L.", no prezo ofertado de 8.996,99 € sen IVE, 10.886,36 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000091

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos seis concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de adxudicación do contrato menor para o “Servizo de docencia en TICs para o Plan Municipal de Formación: "Cambre Dixital-Emprego" á empresa CAMBRE OCIO S.L. , no prezo ofertado de 7.874,06 € (exento de IVE). Expediente núm. 2021/C002/000058**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 14/05/2021 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola técnica axente de desenvolvemento local, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, ao que se xunta memoria valorada, para a contratación do Servizo de docencia en TICs para o Plan Municipal de Formación: "Cambre Dixital-Emprego" cun orzamento base de licitación de 9.120,00 €, IVE exento, motivado na necesidade de adaptarse aos cambios no mercado de traballo propiciados polo avance das novas tecnoloxías, a era dixital, o cambio climático, os cambios sociais e a maiores, os derivados da pandemia do Covid-19, coas normas de distanciamento físico, o confinamento e a nova normalidade derivada da crise sanitaria que aceleraron a demanda de maiores habilidades tecnolóxicas nos traballadores, ademais dunha maior capacidade de adaptación aos cambios.

Tendo en conta o antedito, e co obxectivo de achegar á poboación desempregada de Cambre ás novas tecnoloxías en relación co emprego, dende a concellería de Desenvolvemento Socioeconómico planifícase a actividade denominada *CAMBRE DIXITAL-EMPREGO*, que consta dunha programación formativa para coñecer e utilizar as novas tecnoloxías enfocadas á busca de emprego e á mellora da competitividade. Contempla cursos con diferentes niveis e temáticas, segundo o grao de coñecementos previos dos participantes, e impartiranse presencialmente ou online segundo a materia e o nivel mínimo requirido. Para poder executar a programación formativa prevista é preciso contratar o *servizo de docencia específica en TICs* do programa “Cambre Dixital-Emprego”. A docencia correspondente ás actividades formativas de busca de emprego precisa doutro tipo de profesionais, cuns perfís profesionais moi concretos que fai que non sexa doado que os poidan proporcionar as

empresas da docencia en TICs, polo que se realizará outro contrato para esta docencia. Isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP .

Con data 12/05/2021 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 241 22606, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 26/05/2021 emítese informe pola axente de desenvolvemento local no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- CAD INFORMÁTICA CORUÑA SL
- CAMBRE OCIO SL.
- INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN SL.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
CAD INFORMÁTICA CORUÑA, S.L.	8.576,00 €	8.576,00 €
CAMBRE OCIO, S.L.	7.874,06 €	7.874,06 €

Tendo en conta os criterios de valoración que figuran no informe técnico de necesidade, (prezo ofertado e equipo de docentes/titores propostos), o resultado final de puntuación e o seguinte:

Empresa	Puntos prezo	Equipo de docentes/titores propostos	Puntuación total
CAD INFORMÁTICA CORUÑA SL.	68,25 puntos	25,00 puntos	<b>93,25 puntos</b>
CAMBRE OCIO SL.	75,00 puntos	25,00 puntos	<b>100,00 puntos</b>

formulando proposta de adxudicación do "Servizo de docencia en TICs para o Plan Municipal de Formación: "Cambre Dixital-Emprego", á empresa **CAMBRE OCIO S.L.** con CIF: B7008\*\*\*\* e domicilio na Praza de Europa, nº4. 5º esquerda. 15660 Cambre, no prezo ofertado de 7.874,06 € (exento de IVE por formación), por ser a oferta máis favorable e por cumprir con todos os requisitos esixidos.

Consta no expediente informe de sustentabilidade financeira emitido polo interventor da Corporación con data do 10/06/2021, informe nº 193/2021.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 10 de xuño de 2021, e mailo informe de fiscalización emitido polo interventor da Corporación con data do 11 de xuño de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias do Concello en materia de actividades complementarias das propias doutras administracións, en concreto as relativas á ocupación e loita contra o paro (art. 86 Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia), así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar a memoria valorada elaborada pola axente de Desenvolvemento Local dona Sonia Machín Herranz, para contratar o "Servizo de docencia en TICs para o Plan Municipal de Formación: "Cambre Dixital-Emprego", cun orzamento base de licitación de 9.120,00 euros IVE exento, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 241 22606 (Conferencias e cursos fomento de emprego)

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000058, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato para o "Servizo de docencia en TICs para o Plan Municipal de Formación: "Cambre Dixital-Emprego" á empresa CAMBRE OCIO S.L. con CIF: B7008\*\*\*\* e domicilio na Praza Europa, nº4, 5º esquerda 15660 Cambre, no prezo ofertado de 7.874,06 € (exento de IVE), por ser a oferta máis favorable en aplicación dos criterios de selección establecidos, polo menor prezo ofertado e o equipo de docentes proposto, e por cumprir con todos os requisitos esixidos.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Désígnase responsable municipal do contrato á axente de desenvolvemento local, dona Sonia Machín Herranz, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese a dona Sonia Machín Herranz, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de adjudicación da obra “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, a prol do licitador “OGMIOS PROYECTO, S.L.”, no prezo ofertado de 552.800,00 euros sen IVE (632.588,00 euros IVE incluído). Expte: 2020/C003/000008**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C003/000008 para a adjudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) da obra “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, cun orzamento base de licitación de 657.218,29 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 21 de maio de 2021, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adjudicación formulada coa mesma data pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente, a prol do licitador “OGMIOS PROYECTO, S.L”, no prezo ofertado de 552.800,00 euros sen IVE (632.588,00 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adjudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do arquitecto municipal de data do 8 de xuño de 2021.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 11 de xuño de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 197/2021 Fase D emitido polo interventor municipal con data do 12 de xuño de 2021.

Á vista do establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con datas do 25 de marzo e 14 de abril de 2021, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polas empresas que a seguir se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos nas cláusulas 11.1, 12.B e 13 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente, e ter achegado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo da cláusula 12.B.1 do mesmo:

- Alvac, S.A.
- Instalime, S.L.
- Obras y Viales de Galicia, S.L.
- Ogmios Proyecto, S.L.
- Sergonsa Servicios, S.L.

**Segundo:** Aprobar, de acordo co informe emitido polo arquitecto municipal con data de 29 de abril de 2021 ratificado pola Mesa de Contratación con data 21 de maio de 2021, as seguintes puntuacións parciais e totais correspondentes aos criterios non avaliados mediante fórmulas que integran a primeira Fase de Valoración das ofertas, e que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do PCAP (Plan de control interno de calidade, Programa de traballo e Programa de actuación ambiental):

- Plan de Control interno de calidade :

EMPRESAS	PLAN CONTROL CALIDAD
ALVAC S.A.	3,75
INLASTIME S.L.	2,25
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	3,75
OGMIOS PROYECTO S.L.	4,25
SERGONSA SERVICIOS S.L.	3,25
puntuación	0 - 5
definición completa total ou suficiente adaptación	3,40 - 5,00
definición completa insuficiente adaptación	1,60- 3,30
definición parcial suficiente adaptación	0,10 - 1,50
definición parcial insuficiente ou nula adaptación	0



- Programa de traballo

EMPRESAS	PROGRAMA DE TRABAJO
ALVAC S.A.	16,50
INLASTIME S.L.	9,25
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	12,75
OGMIOS PROYECTO S.L.	16,00
SERGONSA SERVICIOS S.L.	10,25
<b>puntuación</b>	<b>0 - 20</b>
definición completa total ou suficiente adaptación	13,1 - 20,00
definición completa insuficiente adaptación	6,10 - 13,00
definición parcial suficiente adaptación	0,10 - 6,00
definición parcial insuficiente ou nula adaptación	0

- Programa de actuación ambiental :

EMPRESAS	ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL
ALVAC S.A.	3,90
INLASTIME S.L.	1,75
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	4,35
OGMIOS PROYECTO S.L.	5,40
SERGONSA SERVICIOS S.L.	2,50
<b>puntuación</b>	<b>0 - 6</b>
definición completa total ou suficiente adaptación	4,00 - 6,00
definición completa insuficiente adaptación	1,90 - 3,90
definición parcial suficiente adaptación	0,10 - 1,80
definición parcial insuficiente ou nula adaptación	0

- Total puntuacións Fase 1 (Criterios non avaliados mediante fórmulas)

EMPRESAS	TOTAL F1
ALVAC S.A.	23,90
INLASTIME S.L.	13,25
OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L.	20,85
OGMIOS PROYECTO S.L.	25,65
SERGONSA SERVICIOS S.L.	16,00

**Terceiro:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 21 de maio de 2021, e tendo en conta que a puntuación global obtida na primeira fase de valoración pola empresa "Inlastime, S.L." non

alcanzou os 15,50 puntos (50% dos puntos asignados na FASE 1 de valoración das ofertas), excluír a este licitador da seguinte fase do procedemento, e, polo tanto, da licitación, iso en aplicación do disposto na Cláusula 15.1) e Anexo IV Fase I do PCAP, segundo as cales:

*“As empresas que non superen a puntuación mínima que se indica no Anexo IV na Fase 1 non continuarán no proceso selectivo”*

*“As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na fase 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración : plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda Fase e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios”*

**Cuarto:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 21 de maio de 2021, as seguintes puntuacións parciais e totais correspondentes aos criterios avaliábeis mediante fórmulas que integran a segunda Fase de Valoración das ofertas, e que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do PCAP (Oferta económica e porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa), así como o límite das ofertas incursas en presunción de resultar anormalmente baixas, que unha vez efectuado o cálculo queda establecido en 515.309,44 euros sen IVE, resultando que ningunha das ofertas se atopa nesta circunstancia:

EMPRESA	Oferta económica sen IVE	Puntos oferta económica	Puntos Porcentaxe de persoal fixo	TOTAL
ALVAC SA	517.898,87 €	18,23	6,98	25,21
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	525.140,50 €	13,01	8,79	21,80
OGMIOS PROYECTO SL	522.800,00 €	14,70	10	24,70
SERGONSA	516.219,00 €	19,44	6,68	26,12

**Quinto:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas admitidas, e tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares:

ORDE	EMPRESA	PUNTOS FASE 1	PUNTOS FASE 2	TOTAL
1º	OGMIOS PROYECTOS SL	25,65	24,70	50,35
2º	ALVAC SA	23,90	25,21	49,11
3º	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	20,85	21,80	42,65
4º	SERGONSA	16,00	26,12	42,12

**Sexto:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 21 de maio de 2021, adjudicar a obra “Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no lugar de Pousadoira 14, Cambre. Agosto 2020”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, á empresa “OGMIOS PROYECTO, S.L.”, con NIF \*\*\*\*\*6328 e domicilio en rúa Alcalde Electo Carballo 38 baixo-15174 Culleredo (A Coruña), no prezo ofertado de 552.800,00 euros sen IVE (632.588,00 euros IVE incluído), por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incursa en presunción de oferta anormalmente baixa, e ter presentado no prazo de 7 días hábiles a documentación requirida na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 159.4 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

De conformidade co establecido no artigo 151.2.c) da Lei 9/2017, as vantaxes da proposición da entidade adjudicataria determinantes de que a súa oferta fose a que obtivo a maior puntuación atópanse, ademais de na

baixa económica ofertada, no Plan de control de calidade presentado, Programa de traballo e Programa de actuación ambiental aportados e na porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.

**Sétimo:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

**Oitavo:** Designar como director da obra e responsable do contrato, ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación da seguridade e saúde da obra, e mailo control de calidade da mesma, exerceranse polas entidades que resulten adxudicatarias dos expedientes nºs 2020/C004/000022 e 2020/C004/000021, que actualmente está a tramitar o Concello de Cambre para adxudicación dos servizos correspondentes á coordinación de seguridade e saúde e control de calidade das obras promovidas polo Concello.

**Noveno:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados, e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Décimo:** Notifíquese ao director de obra-responsable do contrato que se designe, e máis aos departamentos de Urbanismo e Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Proposta de adxudicación do “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)” , a prol do licitador “3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega”, no prezo anual ofertado en base ao control cuantitativo, cualitativo e informes de 13.009,04 euros sen IVE,**

**15.740,94 euros IVE incluído e unha porcentaxe de baixa global ofertada sobre os prezos unitarios do Anexo I do PPT do 24,10 %. Expte: 2020/C004/000021**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2020/C004/000021 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación (con apreciación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) do “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”, cun orzamento base de licitación para o período de duración principal do contrato de dous anos, de 62.537,82 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares, que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 25 de marzo de 2021, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 6 de xuño de 2021, a prol do licitador “3C Calidad y Control Sociedad Cooperativa Galega”, no prezo anual ofertado en base ao control cuantitativo, cualitativo e informes de 13.009,04 euros sen IVE, 15.740,94 euros IVE incluído e unha porcentaxe de baixa global ofertada sobre os prezos unitarios do Anexo I do PPT do 24,10 %, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12) do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido nos artigos 150.2 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e financeira e maila solvencia técnica, así como a suficiencia de medios persoais e materiais para a execución do contrato, este segundo informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, de data do 2 de xuño de 2021.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria xeral da Corporación, de data 9 de xuño de 2021, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 198/2021 Fase D emitido polo interventor municipal con data do 13 de xuño de 2021.

Á vista do establecido na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público,

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 1 de marzo de 2021, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polos licitadores que a continuación se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos nas Cláusulas 13 e 14.1 do PCAP e achegar debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II do mesmo:

- 3C Calidad y Control, S.COOP.G.

- Applus Norcontrol, S.L.U.
- Galaicontrol, S.L.

**Segundo:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do día 25 de marzo de 2021, a seguinte valoración das tres proposicións admitidas na licitación, e de conformidade co informe emitido pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal con data do 10 de marzo de 2021, outorgar aos tres licitadores admitidos a esta licitación a seguinte puntuación global, correspondente aos criterios de valoración que constan na Cláusula 12.A) FASE 1: *Avaliación previa - Criterios avaliábeis mediante xuízo de valor* do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares :

EMPRESAS	Metodoloxía de traballo (Ata 15 puntos)	Programa de ensaios adaptado ás obras (Ata 10 puntos)	Puntuación total FASE 1
3C Calidad y Control , S. Coop. G.	14,80	10,00	24,80
APPLUS Norcontrol S.L.U.	9,90	7,00	16,90
Galaicontrol, S.L.	6,30	4,00	10,30

**Terceiro:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 25 de marzo de 2021, e tendo en conta que a puntuación global obtida pola empresa "Galaicontrol, S.L." non alcanzou os 12,50 puntos (50% dos puntos asignados na FASE 1 de valoración das ofertas), excluír a este licitador da seguinte fase do procedemento, e, polo tanto, da licitación, iso en aplicación do disposto na Cláusula 12.A) in fine do PCAP, segundo a cal:

*"As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na Fase 1 na suma da puntuación correspondente aos procedementos expostos non continuarán co proceso de adjudicación quedando excluídas na segunda Fase do procedemento (art. 146.3 LCSP)"*

**Cuarto:** Aprobar, segundo acordo da Mesa de Contratación do 25 de marzo de 2021, as seguintes puntuacións das entidades que continúan na licitación correspondentes aos criterios de adjudicación que constan na cláusula 12.B) FASE 2: *(criterios avaliábeis de forma automática) Oferta económica* do prego de cláusulas administrativas particulares :

EMPRESAS	Oferta económica en base aos prezos unitarios do anexo I do PPT (Ata 45 ptos)	Oferta económica para o control cuantitativo, cualitativo e informes (Ata 30 ptos)	Puntuación total FASE 2
3C CALIDAD Y CONTROL, S.COOP.G	29,16	24,10	53,26
APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	30,00	45,00	75,00

Así mesmo, declarar que a oferta de "Applus Norcontrol, S.L.U." atópase incurso en presunción de ser anormalmente baixa, dado que existe unha diferenza porcentual entre as ofertas das dúas empresas licitadoras que pasaron á segunda fase dun 20,90% no criterio da cláusula 12.B.1 (*"Oferta económica en base aos prezos unitarios do Anexo I do PPT"*), e do 2,73% no criterio da cláusula 12.B.2 (*"Oferta económica en base ao control cuantitativo, cualitativo e informes"*).

**Quinto:** Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo, as seguintes puntuacións totais e maila seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adjudicación que consta na cláusula 12) do prego de cláusulas administrativas particulares, e mailos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 25 de marzo de

2021, tendo en conta que, dos cálculos realizados, resulta que a empresa “APPLUS Norcontrol S.L.U.” presenta unha oferta anormalmente baixa:

Orde	EMPRESAS	Puntuación Fase 1	Puntuación Fase 2	TOTAL	Oferta anormalmente baixa
1ª	APPLUS NORCONTROL, S.L.U	16,90	75,00	91,90	SI
2ª	3C CALIDAD Y CONTROL, S.COOP.G	24,80	53,26	78,06	NON

**Sexto:** De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 6 de maio de 2021, e tendo en conta o establecido polo artigo 149.6 da LCSP e cláusula 16.3 do PCAP, excluír da clasificación a oferta presentada pola empresa “APPLUS Norcontrol, S.L.U.”, toda vez que non xustificou debidamente a súa oferta inicialmente incurso en presunción de resultar anormalmente baixa, xa que, segundo informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con data do 9 de abril de 2021, ratificado pola Mesa de Contratación, a empresa non achegou debidamente a documentación que lle foi solicitada para xustificación da súa oferta ao abeiro do establecido na cláusula 16.3.4 do Prego de cláusulas administrativas particulares, xa que:

- Non especificou a distancia media con base á cal calculou os prezos
- Non aporta descomposición dos prezos de ensaios, custos de persoal, custos de desprazamento, dietas, custos de equipos, gastos xerais, custos indirectos ou marxe de beneficio
- Non se xustifica a relación dos medios propios dos que dispón o licitador, xa que non se fai referencia a custos de amortización, gastos de mantemento, calibración, posta a punto, reparación, nin documentación xustificativa da propiedade dos medios materiais nin da dispoñibilidade dos medios persoais
- Non se xustifica a relación existente entre as obras contratadas ou en execución e os medios materiais e persoais dos que dispón nin determina como incide esta relación nos prezos ofertados.

Por mor de todas estas circunstancias, considérase que a información facilitada polo licitador non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos propostos, polo que procede a exclusión da oferta ao abeiro do establecido no artigo 149.6) da Lei 9/2017.

**Sétimo:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 6 de maio de 2021, adjudicar o “Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre (2021-2022)”, a prol da entidade “3C Calidad y Control, Sociedad Cooperativa Galega”, con NIF F703\*\*\*\*\* e enderezo no Polígono de Pocomaco rúa 1, nº 30, parcela G-12/2 -15190 A Coruña, no prezo anual ofertado en base ao control cuantitativo, cualitativo e informes de 13.009,04 euros sen IVE, 15.740,94 euros IVE incluído e unha porcentaxe de baixa global ofertada sobre os prezos unitarios do Anexo I do PPT do 24,10 %, por ser a entidade que obtén a maior puntuación en aplicación dos criterios de valoración que constan na cláusula 12) do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

De conformidade co establecido na cláusula 17.3 do PCAP e artigo 151 LCSP, as características da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a súa oferta atópanse na metodoloxía de traballo presentada, así como no Programa de ensaios adaptado ás obras, criterios nos que obtivo a máxima puntuación, así como pola oferta económica non incurso en presunción de resultar anormalmente baixa.

**Oitavo:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adjudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo

seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre-Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade co establecido na cláusula 23.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato, unha copia dun seguro de responsabilidade civil, para facer fronte aos danos a terceiros das responsabilidades inherentes ao obxecto do contrato coas coberturas e contías mínimas establecidas na citada cláusula.

**Noveno:** De conformidade coa cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 da LCSP, désignase como responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, a quen corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, isto sen prexuízo da supervisión que realice o técnico municipal competente designado polo Concello de Cambre como director de obra para cada unha das obras para as que se preste servizo de asistencia técnica para o control de calidade.

**Décimo:** Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 17.3 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Décimo primeiro:** Notifíquese á enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, responsable do contrato, e máis aos departamentos de Urbanismo e Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Proposta de adxudicación do contrato menor para a "Subministración de mobiliario para o despacho de Alcaldía" á entidade "INSDMACOR, S.L.", no prezo ofertado de 8.996,99 € sen IVE, 10.886,36 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000091**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 14 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 4/06/2021 elabórase pola xefa da Unidade de Réxime Interior municipal o documento denominado “Memoria Valorada” para a contratación da “Subministración de mobiliario para o despacho de Alcaldía”, cun orzamento base de licitación de 9.471,16 € sen IVE, 11.460,10 € IVE incluído.

Con data 4/06/2021 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola xefa da Unidade de Réxime Interior municipal, a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, e polo Sr. Alcalde, no que se motiva a contratación na necesidade de adquirir mobiliario destinado ao despacho de Alcaldía, xa que o mobiliario actual que equipa este despacho foi adquirido hai 20 anos, e dado o estado de conservación dalgún dos elementos dos mobles actuais e da funcionalidade dos mesmos, tendo en conta a imaxe institucional do Alcalde, xa que é o lugar onde o máximo representante da Corporación recibe a autoridades, veciños e representantes institucionais dos distintos organismos, polo que dita oficina debe proxectar ao exterior unha imaxe que cumpra de maneira rigorosa cos criterios de imaxe corporativa e protocolaria que se establezan, en cumprimento das funcións do Sr. Alcalde como máximo representante do municipio (arts. 1, 21.1. apartados a) e b), e art. 124 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigo 41, ap. 1) do Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.

Ante esta situación, óptase pola adquisición de novo mobiliario para a Alcaldía, se ben trasladando aqueles enseres que aínda poidan resultar reutilizables a outras dependencias onde aínda poidan dar uso.

Con data 04/06/2021 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 920 62500 (mobiliario) sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 11/06/2021 emítese informe pola xefa da Unidade de Réxime Interior municipal, co visto e praxe da concelleira delegada dá Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que consta que foi invitada a seguinte empresa, que presentou a oferta que a seguir se transcribe:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
INSDMACOR, S.L.	8.996,99 €	10.886,36 €

formulando proposta de adxudicación da “Subministración de mobiliario para o despacho de Alcaldía”, á empresa **INSDMACOR, S.L.**, con NIF \*\*\*\*\*3629 e domicilio en Travesía da Igrexa, 11 baixo, 15679 O Temple-Cambre, no prezo ofertado de 8.996,99 € sen IVE, 10.886,36 € IVE incluído .

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 14 de xuño de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 202/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 14 de xuño de 2021.



Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de equipamentos da súa titularidade e , conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local , así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Aprobar a memoria valorada elaborada pola xefa da Unidade de Réxime Interior municipal para a contratación da “Subministración de mobiliario para o despacho de Alcaldía”, cun orzamento base de licitación de 9.471,16 € sen IVE, 11.460,10 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 920 62500, (mobiliario)

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000091, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato correspondente á “Subministración de mobiliario para o despacho de Alcaldía”, á empresa INSDMACOR, S.L., con NIF \*\*\*\*\*3629, e domicilio en Travesía da Igrexa, 11 baixo, 15679 O Temple-Cambre, no prezo ofertado de 8.996,99 € sen IVE, 10.886,36 € IVE incluído, por ser a única empresa invitada a presentar oferta e cumprir con todos os requisitos esixidos.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Désígnase responsable municipal do contrato á xefa da Unidade de Réxime Interior municipal, dona Paula Villamisar Varela, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** Notifíquese a dona Paula Villamisar Varela, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos á empresa interesada, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución



competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia